

A política prefere evitar riscos nas redes sociais que explorar novos territorios - Diario de Pontevedra - 31/10/2017

A política prefere evitar riscos nas redes sociais que explorar novos territorios

► O vicerreitor do campus destaca nunhas xornadas en CC SS que «vivimos momentos convulsos, pero tamén interesantes»

PONTEVEDRA. A Sección de Comunicación Estratéxica e Organizacional da Asociación Española de Investigación (AE-IC) promove no campus de Pontevedra un debate sobre como os novos medios e tecnoloxías da comunicación están a mudar as relacións das organizacións cos seus públicos. Conta coa participación de case 20 especialistas de universidades españolas, outros 30 inscritos, e a presentación de 55 comunicacións de 103 investigadores.

As II Xornadas Científicas de Comunicación Organizacional propoñen un debate sobre os novos escenarios na comunicación



Unha das ponencias de onte. GONZALO GARCÍA

organizacional, as relacións públicas ou a comunicación política. Neste último eido afondou o profesor da Universidad Jaume I de Castellón Andreu Casero, quen salienta que, á hora de explorar as posibilidades que neste ámbito outorgan as redes sociais, as organizacións políticas decántase máis pola «hipótesis del riesgo controlado» fronte a «explorar

nuevos territorios que puedan generar unos beneficios potenciales interesantes».

«Vivimos momentos convulsos, pero tamén interesantes desde a óptica da comunicación, nos que máis que nunca fan falla os profesionais, pero tamén que investiguemos e analicemos o que está sucedendo», salientou o vicerreitor, Juan Manuel Corbacho.